



## FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO ESCOLAR 2021/22

### NORMA

ORDE do 6 de maio de 2021 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2021/2022 (código de procedemento ED330B) (*Diario Oficial de Galicia do 20 de maio de 2021*).

### DESTINATARIOS

#### Centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos

- **Fondo solidario de libros de texto:** alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP e en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO; cursos nos que, necesariamente, se manterán os libros de texto do curso 2020/21.
- **Axudas para adquirir libros de texto:** alumnado matriculado en 1º e 2º de EP e en educación especial (EE); así como as axudas que pode recibir o alumnado incluído na disposición adicional primeira (discapacidade  $\geq 65\%$ ) e na disposición adicional segunda (necesidades específicas de apoio educativo –NEAE–), circunstancia que fará constar o centro na solicitude.
- **Axudas para adquirir material escolar:** alumnado matriculado en EP, ESO e EE.
- O alumnado matriculado nos centros e cursos incluídos no **proxecto educación dixital (E-DIXGAL)** no curso 2021/22 está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros de texto. Non obstante, poderán solicitar a axuda para adquirir material escolar cando reúnan os requisitos establecidos na orde.